

# RECOMENDACIÓNXS PARA UTILIZAR O PLUGIN DE REFWORKS NUN PROCESADOR DE TEXTO NOS TRABALLOS DA ÁREA DE DEREITO

Se non utilizaches previamente ningún outro xestor, **recomendámochel utilizar Refworks**, que é un xestor totalmente online subscrito pola UDC que nos permitiu personalizar un estilo bibliográfico ben adaptado ás Pautas de Estilo para Traballos Fin de Grao en Dereito establecidas na facultade. Consulta esta [guía completa](#) para sacarle el máximo rendimiento a Refworks.

Busca o **estilo TFG DER UDC (baseado en ISO-690)** na configuración de estilos de citas (en Vistas → Visualización de citas → rodiña) para comezar a traballar e selecciónao tamén no plugin de Refworks cando redactes.


## Citas en texto en Word (ou similares)

Xa que as Pautas recomandan realizar as citas en texto e non como notas a pe de páxina (a non ser que queiramos facer algunha aclaración), escolle o formato **Sólo en texto** cando estés engadindo unha cita ao documento a través do plugin de Refworks en Word (ou outro procesador de texto).

*Excepción: no caso da Lexislación e a Xurisprudencia escolleremos a opción Nota al pie (está configurado para que aparezca no texto pero sen paréntese).*

As citas pódense editar de modo que podemos eliminar o autor, o año, amosar como Autor (ano) e engadir paxinación. Tamén podes engadir texto antes ou despois da cita.

Estes cambios a través do editor son permanentes e manteranse cando cambies algo en Refworks e actualices en Word.



## Recomendacións para engadir a información segundo algunas tipoloxías documentais

### Lexislación

A **estrutura** que se recomenda utilizar nas Pautas de Estilo para TFGs de dereito é a seguinte:

Para **citas en texto**: Título completo da ley + (en adiante, Siglas) + ELI

*Exemplo:*

*Real Decreto Legislativo 1/2007, de 16 de noviembre, polo que se aproba o Texto Refundido da Ley General para la Defensa de los Consumidores y Usuarios y otras leyes complementarias (en diante, TRLGDCU). (ELI: <https://www.boe.es/eli/es/lo/2003/07/09/8>).*

Para **referencias bibliográficas**: Título completo da ley + Datos de publicación (BOE, data, nº, páginas) + ELI

*Exemplo:*

*Real Decreto Legislativo 1/2007, de 16 de noviembre, polo que se aproba o Texto Refundido de la Ley General para la Defensa de los Consumidores y Usuarios y otras leyes complementarias, Boletín Oficial del Estado, 30 de novembro de 2007, nº 287, pp. 26901 a 26905. ELI: <https://www.boe.es/eli/es/lo/2003/07/09/8>.*

Para obter os ditos resultados en citas en texto e referencias bibliográficas usando Refworks cómpre:

1. Asignar á referencia o **Tipo de referencia: Ley/Estatuto**
2. Utilizar os seguintes campos para introducir a información:
  - **Título**: Nome completo da ley
  - **Título alternativo/traducido**: Siglas
  - **Lugar de publicación**: Todos os datos da publicación (BOE, data, nº, páxinas)
  - **URL**: o ELI (introducir sen paréntesis a información que hai a partir de <https://...>)
3. Cando estamos engadindo a cita no traballo durante a redacción escolleremos como formato **Nota al pie** de página (para evitar que nos aparezan os paréntesis).

### NOTAS:

As citas de lexislación utilizanse a primeira vez que se nomea a lei. As seguintes veces escribiremos

### Xurisprudencia

A **estrutura** que se recomenda utilizar nas Pautas de Estilo para TFGs de dereito é a seguinte:

Para **citas en texto**: Órgano + data + ECLI e/ou Referencia Base de datos

*Exemplo:*

*STS de 25 de noviembre de 2005  
(ECLI:ES:TS:2005:7606)*

Para **referencias bibliográficas**: País. Tribunal (Sala). Sentencia Número/Año, resto da data (ECLI)

*Exemplo:*

*España. Tribunal Supremo (Sala de lo Penal).  
Sentencia 1505/2005, de 25 de noviembre  
(ECLI:ES:TS:2005:7606).*

Para obter os ditos resultados en citas en texto e referencias bibliográficas usando Refworks cómpre:

1. Asignar á referencia o **Tipo de referencia: Proceso judicial**
2. Utilizar os seguintes campos para introducir a información:
  - **Título**: Título desenvolvido (Sentencia 1505/2005, de 25 de noviembre)
  - **Título alternativo/traducido**: Título abreviado (STS de 25 de noviembre de 2005)
  - **Jurisdicción**: País. Tribunal (Sala) (España. Tribunal Supremo (Sala de lo Penal))
  - **DOI**: o ECLI (introducir sen paréntesis). Se tes dúbidas sobre como construir o ECLI consulta esta web.
3. Cando estamos engadindo a cita no traballo durante a redacción escolleremos como formato **Nota al pie** de página (para evitar que nos aparezan os paréntesis).

### NOTA:

Se queres poñer a xurisprudencia a parte do resto da bibliografía, nun Anexo propio, faino cando remates a redacción do traballo. Corta cada unha das referencias de xurisprudencia da listaxe completa e pégaa no Anexo

directamente as súas siglas (sen usar o plugin de Refworks).

Xurisdiccional. A orde recomendada é cronolóxica ascendente (as más antigas primeiro).

Se queres poñer a lexislación a parte do resto da bibliografía, nun Anexo propio, faino cando remates a redacción do traballo. Corta cada unha das referencias de lexislación da listaxe completa e péga no Anexo Lexislativo. A orde recomendada é cronolóxica ascendente (as más antigas primeiro).

## Recursos electrónicos

Os documentos electrónicos accesibles desde internet poden ter:

- **Unha URL** que é un localizador que amosa a ruta de acceso ao recurso. É un dato que pode cambiar.
- **Un identificador persistente tipo DOI, handle.** É un localizador permanente que non cambia e sempre te conducirá ao recurso independientemente de que cambie a url (porque esa información está incrustada nos metadatos).

En canto á url, adoita a haber algúns problemas:

- Moitas veces cando importamos rexistros a Refworks, o que se nos está incorporando no é a url do documento, senon a url da base de datos de onde extraemos os datos.
- Se hai un DOI/handle sempre é preferible ao dato da url.
- As urls dos recursos de pagamento ou suscripción non van a ser funcionais para aqueles que non teñen ese acceso.

Por iso facémosche as seguintes **recomendacións**:

- **Se se trata dun documento ao que non se pode acceder libremente en internet** (conseguiches consultalo a través dunha base de datos de pagamento) elimina a información do campo url. Se ese documento ten un DOI, podes engadilo porque ao ser un identificador permanente é un dato útil.
- **Se é un documento accesible libremente** revisa a información e se é necesario trata de substituir a url que Refworks importa por defecto (a de la base de datos onde fixeches a consulta) pola url da fonte orixinal de información (por exemplo, a url do artículo na páxina web da revista que o edita). Pero se este documento orixinal ten un DOI, engádeo e elimina a información do campo url.

Independentemente de que en Refworks gardes o dato da url (localización electrónica) **podes decidir se queres que ese dato aparezca ou non** cando citas ou xeras as referencias (se por exemplo o documento vai ser impreso e a url non vai ser funcional pode ser que non queiras que aparezan as url porque "ensucian" o resultado). Só tes que deseleccionar o **cadro de Electronic Source** que hai ao final do panel de información do rexistro (onde están todos os campos de información do recurso), que ven marcado por defecto.

En documentos onde a **data de consulta** é importante (páxinas web, blogs, ou artigos de prensa online) é preceptivo o dato e cómpre engadilo en **formato inglés**: *aaaa-mm-dd*.

### *Teses de doutoramento non editadas*

Hai certa información habitual nas teses que debe introducirse nos seguintes campos de Refwors, unha vez seleccionado o **tipo de referencia: Tesis doctoral/Tesina**:

- **Custom field 03 (campo personalizado):** Director da tesis
- **Institución:** Universidade oonde se presentou a tese
- **DOI:** o handle do documento